

**BASES PARA A BOLSA DE TRABAJO PARA UN AUXILIAR PARA
“Atención de Velatorios, Centro Social, trabajos de limpieza e
outras tarefas dentro dos servizos de competencia obrigatoria
dos Concellos previstos na lei 7/1985 de bases de régimen
Local ”,**

ARTIGO 1.- Obxecto da convocatoria

1. O emprego dos medios materiais idóneos e de recursos humanos suficientemente preparados é una necesidade imprescindible hoxe en día para poder levar a cabo de maneira adecuada os servizos que presta o Concello de Sandiás os/as cidadanos/as.
2. Na cuestión relativa a organización dos recursos humanos no sector público débese ter en conta os principios constitucionais de acceso o emprego público previstos nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución Española, e que son os de igualdade, mérito e capacidade. Débese ter en conta tamén que a Administración Local, é a que está máis cerca das demandas de servizos. A regulación de todo o relativo a creación dunha Bolsa de Emprego, pretende axilizar a selección de aspirantes para cubrir necesidades de emprego de carácter temporal e garantir que os/as aspirantes coñezan a valoración dos seus méritos de cara a una posible contratación futura por parte deste Concello.
3. O artigo 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal o servizo da Administración Xeral do Estado e da provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado para estes efectos dispón: “ Contratación do persoal laboral non permanente. Os Departamentos ministeriais poderán proceder a contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non podan ser atendidos polo persoal laboral fixo, despois de informe favorable dos Ministerios para as Administracións Públicas e de Economía e Facenda. Ditos contratos firmaranse conforme aos principios de mérito, capacidade, e axustándose as normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen polo Ministerio para as Administracións Públicas.
4. O obxecto das presentes bases é establecer una bolsa de emprego para a contratación temporal de auxiliar para a atención de velatorios, centro social, traballos de limpeza e outras tarefas dentro dos servizos de competencia obrigatoria dos Concellos previstos na Lei 7/1985 de bases de régimen Local para cando sexa necesario ou se trate de cubrir baixas, vacacións, permisos e outros ceses temporais de prestación do servizo.

5. A selección de persoal e a bolsa de traballo teñen como fin dotar o Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de equidade e discriminación positiva nos casos considerados na lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en aras dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.
6. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1ª) do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo.
7. O sistema de selección é o concurso.
8. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose únicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos que fora, repetarase o procedemento de chamamento regulado nestas bases, podendo o Concello, cando o considere conveniente, de forma xustificada, para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houbera constituída una Bolsa concreta, convocar ex profeso un proceso selectivo.
9. Declárase o carácter urxente da tramitación do procedemento e xeneración da bolsa de emprego ante a necesidade de ter cuberta a prestación de servizos de competencia municipal.

ARTIGO 2.-Bases específicas.

1. Trátase dunha bolsa de emprego.
2. Categoría profesional: Auxiliar de servizos varios.
3. Duración: según a necesidade da contratación.
4. Contrato laboral: obra ou servizo determinado.
5. Xornada laboral: a determinar según a necesidade de cada momento.
6. Salario bruto mensual en xornada completa: 764,40 € (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias.
7. Xustificación: a necesidade de contar con una bolsa de emprego que facilite a inmediata contratación de persoas para a prestación do servizo de atención de velatorios, traballos de limpeza e outras tarefas dentro dos servizos de competencia obrigatoriados Concellos previstos na Lei 7/1985 de bases de réximen local.

ARTIGO 3.- Vixencia.

a) A vixencia da bolsa será desde a súa aprobación ata o 31 de decembro de 2016, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 1 das presentes bases.

b) Estas bases expóranse no Taboleiro de Anuncios, na Páxina Web(www.sandias.es) deste Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, para xeral coñecemento dos posibles aspirantes.

ARTIGO 4.- Sistema de selección.

A formulación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal para a “Atención de Velatorios,Centro Social, traballos de limpeza e outras tarefas dentro dos servizos de competencia obrigatoria dos Concellos previstos na lei 7/1985 de bases de réximen Local ”, farase en función do seguinte baremo de méritos e puntuación:

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: (Máximo 5 puntos).

a) Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 puntos por mes traballado.

b) Por servizos prestados en outras Administracións Públicas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,15 puntos por mes traballado.

c) Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar ó posto ó que se opta.....0,10 puntos por mes traballado.

Rexeitaranse as fraccións de tempo inferior o mes. Os contratos de xornada inferior a xornada completa valoraranse de xeito proporcional en base a vida laboral.

Acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada e copia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa en modelo oficial no que conste a categoría profesional. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2.- FORMACIÓN. Valorase a formación en materias propias do posto ou similares (Máximo 4 puntos).

a) Cursos de ata 20 horas.....0,10 por curso

b) Cursos de 21 a 50 horas.....0,20 por curso

c) Cursos de 51 a 100 horas.....0,30 por curso

c) Cursos de máis de 100 horas.....0,50 por curso

Acreditaranse mediante a presentación de copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizada a formación, na que conste o número de horas de formación realizada. O certificado ou diploma do curso con indicación do número de horas lectivas (organizados, ben por una Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por una Administración Pública). No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen una duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

3.- CARNE DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS SEGUNDO A NORMATIVA VIXENTE: (1 PUNTO)

4.- CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (1 PUNTO)

5.- COÑECEMENTO DO MEDIO: Acreditarase mediante a aportación de certificado de empadramento no Concello de Sandiás durante máis dun ano. (2 PUNTOS).

6.- CURSO DE APLICADOR DE FITOSANITARIOS (1 PUNTO)

7.- PROBA PRACTICA que permita verificar os coñecementos necesarios para o posto (Máximo 10 puntos).

Desenrolo de probas prácticas sobre os seguintes servizos: de limpeza, e desbroce, pavimentación, abastecemento de auga, velatorios, albañilería, electricidade. No tempo máximo dunha hora e na forma que sinale o tribunal. Consistirá no manexo de vehículos, maquinaria, aparatos ou probas análogas e se valorará a pericia e a corrección da actuación do aspirante, así como o cumprimento das normas de seguridade aplicables; como criterio xeral supletorio para a valoración de probas prácticas valorarase o dominio cometido na realización de tarefas ou traballos nos que consista a proba. Tempo máximo: 1 hora. Valoración: de 0 a 10 puntos.

8.- ENTREVISTA. A entrevista servirá para valorar outros aspectos diferentes dos que se desprenden dos méritos valorados e terá una valoración máxima de 2 puntos.

ARTIGO 5.- Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación das solicitudes os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os dezaséis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir as seguintes titulacións:

Graduado escolar ou equivalente.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o desenvolvemento das tarefas propias da actividade obxecto de contratación.

e) Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

g) Galego: Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación do certificado de iniciación de lingua galega (mínimo Celga 2). No caso de non posuir a titulación sinalada realizarase un exercicio previo de tradución que constará de dúas probas: unha primeira, que consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal, e unha segunda proba, que consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo entre dous textos propostos polo tribunal. O tempo máximo para realizar o exercicio será dunha hora. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obte-lo resultado de apto, e corresponderalle ó tribunal determina-lo nivel de coñecementos esixidos para acadar dito resultado. O Tribunal poderá acordar substituír esta proba pola realización da entrevista en galego e a valoración da mesma como apto ou non apto.

h) Posuir o carné de conducir B.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

ARTIGO 6.- FORMA E PRAZO DA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes para participar no presente concurso presentaranse, conforme ó modelo que figura como anexo I das presentes bases, no prazo de dez (10) días naturais no rexistro xeral do concello, en horario de 9 a 14 horas, se o día no que remata o prazo de presentación de instancias fora sábado ou día inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte. Tamen poderán presentarse na forma en que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ó concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (Fax do concello: 988.44.60.48).

1. O referido prazo computarase a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria do BOP, achegándose a seguinte documentación:
 - a) Anexo I (Instancia e declaración xurada).
 - b) Copia compulsada do DNI
 - c) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación
 - d) Copia compulsada do carné de conducir.
 - e) Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos. Os méritos non xustificadas documentalmente non serán obxecto de valoración.
1. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.
2. Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello de Sandiás.(www.sandias.es).

ARTIGO 7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde dictará resolución, no prazo máximo de cinco días hábiles, aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web. Nesta lista indicárase nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, no seu caso.
2. Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá o nombramento da Comisión Avaliadora así como o lugar, data e horas da proba de galego, da reunión da Comisión Avaliadora, da realización da proba práctica e da entrevista.
3. Se non existisen candidatos excluídos, o Alcalde elevará a definitiva a lista provisional, e na mesma resolución formulará nombramento da Comisión Evaluadora e lugar, datas e horas para a proba de galego, da reunión de valoración de méritos da Comisión Avaliadora, da realización da proba práctica e da entrevista, que se publicará novamente no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás e na páxina web (www.sandias.es)
4. Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en dereito.

ARTIGO 8.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN.

1. A Comisión de selección será colexiada e constará, como mínimo, de Presidente, tres vocais e secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público e a Lei de Función Pública de Galicia. O tribunal cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poden suscitar na

aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario/a, titular ou suplente.

O réximen xurífico aplicable os tribunais de selección será o que se establece polo órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réximen xurífico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo o órgano que efectuara o seu nombramento, cando concurran entre eles algunhas das causas previstas no artigo 28 da Lei do réximen xurífico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

1. Unha vez realizada a proba de galego, a proba práctica e a entrevista procederase a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, e a comisión formará unha lista coa orde de clasificación de todos os aspirantes segundo a puntuación final obtida, e farase pública no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.(www.sandias.es)
2. Nos supostos nos que se obtivera igual puntuación por algunhos/as dos candidatos, os desempates dirimiranse atendendo os seguintes criterios: maior puntuación por experiencia. No caso de persistir o empate, maior puntuación por formación, e finalmente de persistir este dirimirá mediante sorteo.
3. De acordo coa lista definitiva elevarase ó Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de bolsa de emprego dos aspirantes por orden de puntuación.
4. Para efectuar esta proposta, a Comisión avaliadora poderá pedir informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.
5. A contratación de persoal farase de conformidade coa orden de puntuación obtida.

6. O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos. No caso de que teña traballado máis dun ano, pasará ó final da bolsa de emprego.

1. A renuncia a un posto de traballo ofertado supoñerá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Poderán os integrantes da bolsa pedir que se suspendan os chamamentos para a mesma por estar desempeñando outro traballo; a suspensión deberá ser solicitada como mínimo 15 días antes do chamamento

9. As comunicacións faranse por vía telefónica e para a súa localización realizaranse tres chamadas, para o cal os aspirantes deberán indicar polo menos un teléfono de contacto. En caso de indicar máis dun número, deberá consignarse unha orde de preferencia. A partir do momento en que se estableza o contacto telefónico, e aceptado nesas chamadas o posto, o interesado dispoñerá unicamente de 24 horas para formalizar o seu contrato laboral presentándose no Concello. En caso de non entablarse comunicación tras as tres chamadas, procederase o chamamento do seguinte da lista.

O encargado de facer as chamadas deixará constancia no expediente do resultado das mesmas.

Se o candidato rexeita a oferta de contratación mediante a chamada telefónica, seralle remitida carta con notificación de recibo, na que se faga constar a citada oferta e o seu paso ao final da lista como consecuencia da súa renuncia a esta.

Os candidatos que non tivesen sido localizados permanecerán nos postos que ocupaban na Bolsa, á espera dun novo chamamento.

As persoas que renunciem a dous chamamentos na mesma bolsa, sen mediar xustificación, quedarán excluídas automaticamente da Bolsa.

Aqueles integrantes da Bolsa que unha vez citados, non se presenten á citación, entenderase que rexeitaron a esta, pasando ao último lugar da lista, salvo que exista xustificación conforme ao xa mencionado.

10. Esta bolsa de emprego terá como vixencia un ano; entendéndose como prorrogada por outro ano máis se non se convocara outra nova bolsa sendo esta improrrogable por un ano máis.

11. Excepcionalmente, cuando quedara agotado o listado da Bolsa de Emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario da Bolsa de Emprego para cubrir necesidades de carácter temporal. Estas posibles convocatorias, axustaranse, en todo caso, ó disposto nas presentes Bases.

ARTIGO 9. NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME DO MESMO.

1.- Naqueles casos que proceda establecerse un período de proba, conforme o artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, transcorrido este período, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

2.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. A formalización e continuación do contrato (dentro do período de duración establecido) queda condicionada ó mantemento do Servizo para o que se realiza o contrato.

3.- Por necesidades do servizo, o Concello de Sandiás poderá modificar o número de horas a semana do posto de traballo ofertado antes da data tope de remate do mesmo.

ARTIGO 10. NORMAS FINAIS.

1.- Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; RD-Legislativo 1/1995, do 2 de marzo e demais normas que sexan de aplicación.

2.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece no artigo 6, os sucesivos actos e comunicación que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello.

3.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión de Avaliación, poderán ser impugnados polo interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

4.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte o da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todos isto sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.